

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ÓRGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2007/01
CARÁCTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 15 de xaneiro de 2007

No salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do día 15 de xaneiro de 2007 reuniuse o pleno do Concello baixo a presidencia do Sr. Alcalde accidental D. Fernando Suárez Barcia , substituto legal do titular, co fin de celebrar sesión ORDINARIA en primeira convocatoria e coa asistencia dos concelleiros que á marxe se nomean:

Presidente:

D. Fernando Suárez Barcia (alcalde acctal.)

Concelleiros presentes na sesión:

D. Ramón López Pérez

D. Carlos Pérez Méndez

D. Fernando Suárez Barcia.

D. Vicente Castro Reigosa

Dona Mari Luz Álvarez Lastra.

D. José Carlos Rodríguez Andina.

D. Manuel Fernández Fra

D. Elías García López

D. Manuel Valín Valdés.

Don José Duarte Díaz

D. Pedro Tomás Fojo López

Secretario:

D. Manuel J. Díaz Sánchez

Interventor acctal.:

D. José Vázquez Cupeiro

Non asisten á sesión o Sr.Alcalde D.Balbino Pérez Vacas (xustificase a súa ausencia) e D. Santiago Fernández Reinante.

Comprobado que hai o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a presidencia declara aberta esta e pásase ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por rigorosa orde:

Intervén o Sr. Alcalde accidental D.Fernando Suárez Barcia sinalando que saúda a corporación e fai constar que reitera oficialmente para que conste en acta que o alcalde lle manifestou a súa intención de non asistir ao pleno de hoxe por motivos familiares.

Incidentalmente un membro do público interrompe a sesión sinalando que non se escoita, e manifestándose polo Sr.Alcalde accidental (en referencia a si mesmo) que pode ser pola súa voz , e pregunta ao público se se lle escoita , sinalando que elevará o seu ton de voz, e reitera que o alcalde lle manifestou a súa intención de non asistir ao pleno de hoxe por unha circunstancia sobrevida, persoal, e que queda xustifico, sinalando tamén que é un pleno ordinario , con realmente ben poucos puntos.

1 (2007/1).- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS ORDINARIA 2006/07 DO 13 DE NOVIEMBRE DE 2006, 2006/08, EXTRAORDINARIA E EXTRAORDINARIA URXENTE DA MESMA DATA E EXTRAORDINARIA DE 24 DE NOVIEMBRE DE 2006.-

A totalidade dos membros da corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias dos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinaria 2006/07 de 13 de novembro de 2006, 2006/08, extraordinaria e extraordinaria urxente da mesma data e extraordinaria de 24 de novembro de 2006 nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou emenda algunha.

2. (2007/2). RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DESDE A NÚMERO 226/2006 DE 2 DE NOVIEMBRE Á NÚMERO 247/2006 DE 30 DE NOVIEMBRE DESTE ANO PASADO.

Sen promoverse deliberación cúmprese o trámite de dación de conta ao pleno das resolucións epigrafadas.

3.- (2007/3). ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. alcalde accidental manifesta que neste punto hai unha serie de preguntas formuladas na sesión anterior ao alcalde , e que pola cuestión sobrevida non desexa contestalas el , e prefire que o Sr. Alcalde na próxima sesión dea contestación e mesmo tamén para as asociacións que solicitaron unha serie de preguntas, e que propón que queden para a seguinte sesión.

Deseguido, pregunta o Sr.Suárez Barcia se neste pleno ordinario, hai algún rogo ou pregunta. Intervén o portavoz do grupo municipal popular, Sr.Rodríguez Andina que manifesta que de todos os xeitos, quere manifestar que os rogos e preguntas son ao alcalde non á persoa do Sr.Pérez Vacas , e neste momento o alcalde é quen esta presidindo a sesión .

Prosegue afirmando que o seu grupo non se adica a facer preguntas fisicamente a persoas dentro do Concello , preguntan á alcaldía , que debe ser quen responda, neste momento a alcaldía osténtaa o Sr.Suárez Barcia.

O Sr.Suárez Barcia , á súa vez resposta que xa , efectivamente , pero que non ten o don de poder estudalas e contestalas dun momento para outro, que tería que telas estudado, e non lle foron dirixidas a el e por tanto non se ocupou , non foi o seu labor, e que entón para o vindeiro pleno se dará cumprida conta e que nada máis.

O Sr. Rodríguez Andina pola súa parte contéstalle que bastante broma é o pleno , como para que encima os rogos e preguntas tampouco se lles contesten , era o que lles faltaba por ver. O Sr. Valín Valdés do grupo municipal popular intervén manifestando que :” Supoño que será ademais obra ...esa cousa será de ultima hora ,porque ademais , fanlle o escrito e leo e namais...outra cousa non é ...a contestación das preguntas é eso nada mais....como é así como llo fan....”

O Sr.Valín Valdés deseguido manifesta que vai facer dous rogos e unha pregunta , e pregunta tamén se funciona algún micrófono dos existentes , comprobándose que non se atopan en funcionamento.

Deseguido o Sr.Valín Valdés di : “Pediríalle ao alcalde en funcións que lle faga chegar , ben xa lerá a acta , pero igual tampouco a le, que lle faga chegar polo menos o contido dos nosos rogos , son dous rogos moi sinxelos e unha pregunta.

O primeiro é que por favor , deixe de tomarnos o pelo aprazando plenos unha vez máis sen ter ningún motivo que nosoutros saibamos , non? E que ,ben, que a única cousa que se me ocorre é que ao mellor estaban de vacacións , unha gran cantidade do equipo de goberno ou algún outro asesor que tamén pode ser así , senón, e o único, é facer un rogo, que por favor deixe de tomarnos o pelo.”

Prosegue manifestando o Sr.Valín Valdés “En segundo lugar , home ,que cando se convoque un pleno que se encha de contido , é ¡vamos! , de vergoña a orde do día que hai neste pleno.¿non? Ao mellor, os veciños de Ribadeo non teñen por que , non é, e ó mellor ensinámoslle mañá a orde do día , pero é un pouco concisa , non?, e creo, é xustificar por xustificar un pleno ordinario que hai que facer cada dous meses.

A pregunta como consecuencia de todo isto é que , queríámoslle preguntar ao alcalde se por favor , como xa recolle o *aparato* este, pois facerlle unha pregunta moi concreta . Se esta orde do día tan concisa se debe a algo especial ou ao mellor quizais como hai estes días tantas leas internas e políticas ao mellor hai certo medo a que , ben, pois.... poida vir algún tema importante , e que ao mellor as contas da leiteira non saian ao final , ben ,resulta..., ao final non sabemos se pode ser debido a iso ou non,pero gustaríanos que nolo explicase unha vez máis. Entón é tan sinxelo coma iso , creo que con estes dous rogos e con esta pregunta pois tamén indirectamente mostramos a nosa postura en canto á convocatoria deste pleno, parécenos, bueno, ¡de coña!.E encima co engadido da situación que estamos vivindo actualmente e non polo alcalde en funcións , que me vale tanto ou máis co outro, eh!¡ grazas!”

O Sr.Suárez Barcia pola súa parte manifesta que en relación con estas preguntas ten que decir a súa opinión , que non se debe a nada especial, a carencia de contidos non atende á rumoroloxía que existe por aí.

Toda vez que non hai mais asuntos que tratar o Sr.Duarte Díaz manifesta que ben,que xa está , e que se levante a sesión , moi fácil de facer. Xa que Sr.Alcalde accidental asente, en ton choqueiro o Sr.Duarte dille que sexa el quen a levante , e que llo di porque tamén pasou por iso e tamén se equivocaba.

E sen máis asuntos que tratar sendo as vinte horas e sete minutos esténdese a acta presente, do que, como secretario , certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,